



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE UN/HA PSICOLOGO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS, CON BOLSA DE CONTRATACIÓN ENTRE OS ASPIRANTES NON SELECCIONADOS.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. O **obxecto** destas bases é regular a convocatoria dun proceso de selección por concurso-oposición para a contratación de **1 PSICOLOGO/A** para os servizos sociais da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, (A duración do contrato é de **UN ANO**)

2. O **contrato** laboral que se subscribirá será o de obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1.a) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

3. As **funcións** serán ás propias do posto do **PSICOLOGO/A**:

- Atención **directa**: individual, familiar, grupal e comunitaria.
- Atención **indirecta**: asesoramento e consultoría aos usuarios.
- Apoio directo ao **CIM** da Mancomunidade
- Planificación e avaliación de **programas**.
- Realización de valoracións e orientacións psicolóxicas.
- Colaboración en **memorias e documentos** da Mancomunidade relacionados co servizo.
- Programas de intervención e prevención do deterioro cognitivo, no ámbito de atención a **persoas maiores**.
- Proxectos de prevención do absentismo **escolar** e do acoso escolar.
- **Apoio** aos demais programas do servizo, dese os ámbitos de actuación propios da psicoloxía
- **Calquera outra propia** do seu grupo profesional que se lle encomende relacionada cos servizos sociais mancomunados.

4. Sistema de **selección**: será o de concurso-oposición.





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

SEGUNDA. Prazas que se convocan.

As prazas obxecto desta convocatoria son as seguintes:

- **1 PSICOLOGO/A:**
- Contrato laboral: obra ou servizo determinado.
- Xornada laboral: 8 horas.
- Duración: 1 ano.
- Retribucións: As da categoría do posto na Mancomunidad.

TERCEIRA. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomarán parte no concurso-oposición deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) IDADE: Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

b) NACIONALIDADE: Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.

c) CAPACIDADE: Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán achegar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar na instancia, sinalando se precisan adaptacións para a realización das probas e especificando, no seu caso, tales adaptacións.

d) HABILITACIÓN: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

f) TITULACIÓN: Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de solicitudes, do título de **Licenciatura ou Grao en Psicoloxía**, que deberá ser acreditado mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

CUARTA. Criterios de selección, puntuación e xustificación.

Os méritos que se valorarán, segundo a puntuación e acreditación que se especifica, son os seguintes:

A FASE DE CONCURSO (de 0 a 8 puntos - 40% DO TOTAL) constará dos seguintes apartados:

1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **5 puntos**.

Por servizos remunerados prestados na administración pública (**máximo 5,00 puntos**).

- Como PSICOLOGO: 0,15 puntos/mes.

Por servizos prestados en empresas privadas (**máximo 1,50 puntos**):

- Como PSICOLOGO: 0,10 puntos/mes.

A experiencia profesional acreditarase **EXCLUSIVAMENTE** mediante a presentación **CONXUNTA** de certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2. Formación: puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **2 puntos**:

Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta avalados por un organismo público:

Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso

Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso

Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso

Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso

Cursos de 251 horas a 500 horas: 0,35 puntos/curso

Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos curso





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

3. Galego:

Celga 4. 1 Punto.

Celga 3. 0,80 Puntos.

Celga 2. 0,60 Puntos.

FASE DE OPOSICION (de 0 a 12 puntos - 60% DO TOTAL):

1. Exame teórico: obligatorio e non eliminatorio: máximo 8 puntos.

Realizárase unha proba teórica (de **40 minutos** de duración) na que deberán de superar un exame de **20 preguntas** tipo test relativas as materias incluídas no temario que figura como Anexo III. Cada resposta correcta sumará 0,40 puntos. Cada resposta errónea restará 0,20 puntos.

2. Exame práctico: obligatorio e non eliminatorio: máximo 4 puntos.

Realizárase unha proba na que deberán de resolver un caso práctico mediante proba escrita directamente relacionado cas funcións definidas na base PRIMEIRA.

QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

1. As solicitudes para participar neste concurso presentaranse, conforme ao modelo que figura como **Anexo I** das bases, no prazo de **cinco (5) días hábiles** no Rexistro Xeral da Mancomunidad, en horario de 9.00 a 14.00 h., ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía correo electrónico á Mancomunidad. Dito correo deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (e-mail da Mancomunidad: mancomunidad@verin.gal)

2. O referido prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no **Boletín Oficial da Provincia de Ourense**. Dito anuncio e as presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios, na sede electrónica da Mancomunidad e na páxina web da Mancomunidad (www.mancoverin.es). Xunto coa solicitude, os aspirantes achegarán a seguinte documentación:

- a) Copia do **DNI** ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b) Relación de **méritos** que alega, **Anexo IV** debidamente cuberto; e a





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

documentación xustificativa de cada un deles, significándose que non se valorarán aqueles méritos que polo tribunal se consideren que non estiveran suficientemente acreditados. Bastará achegar copias simples dos documentos (posto que o aspirante seleccionado aportará no seu momento os orixinais dos documentos que serán cotexados coas copias). Ademáis, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou aportados con posterioridade o remate do prazo de presentación de instancias.

- c) **Declaración** responsable de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (**Anexo II**).

3. Coa presentación da **instancia** para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4. **Rematado o prazo**, o presidente da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín aprobará a **lista provisional de admitidos e excluídos** así como a **composición do tribunal de selección**, que se publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica da Mancomunidade e na páxina web desta Mancomunidade (www.mancoverin.es). Os candidatos terán un prazo de dous días hábiles para reclamacións e correccións de deficiencias (non para achegar novos méritos non alegados ate entón). As reclamacións, en todo caso, teñen que ser realizadas por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente. Deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes. Non caben reclamacións pola falla de documentación non achegada no seu momento.

Rematado o prazo de subsanación, dictarase resolución aprobatoria da **lista definitiva de admitidos e excluídos**. A mesma resolución do Presidente conterá o **lugar, data e hora** de reunión do tribunal de selección e a **realización dos exames**.

SEXTA. Tribunal de selección.

1. Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, e para os efectos de avaliar os méritos acreditados, constituirase un tribunal de selección que estará





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

formado por cinco (5) membros, integrado por un **presidente** (do mesmo grupo de titulación), tres **vogais** (do mesmo grupo de titulación) e asistidos polo secretario da Mancomunidad ou funcionario de habilitación nacional que o substitúa, que actuará con voz e sen voto

2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública. A súa composición será estrictamente técnica e a lo menos dous deles serán psicólogos.

3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.

4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

5. O tribunal non poderá constituirse nin actuar válidamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.

6. O réxime xurídico aplicable ao tribunal de selección será o que se establece para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

7. Os membros do tribunal con voto deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas nas leis.

SETIMA. Resolución da convocatoria e contratacións.

1. Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará no taboleiro de edictos e na páxina web da Mancomunidad www.mancoverin.es o nome do candidato proposto para o nomeamento, pola orde de puntuación acadada e con indicación da cualificación obtida.

2. De acordo coa relación, elevarase ó presidente, ademais da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento do aspirante aprobado, procedendo o presidente aos nomeamentos do aspirante seleccionado, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

3. En ningún caso o tribunal cualificador poderá proponer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

4. Cos aspirantes que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade a finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista.

A duración da bolsa estenderase ata o 31 de agosto de 2023. A finalidade da bolsa durante este tempo e cubrir as posibles baixas que se produzan por I.T. ou outras causas de entre as psicólogas da plantilla.

No caso de que o integrante na bolsa de emprego ao que lle correspondese o chamamento pola orde de puntuación puidese incorrer nun encadeamento de contratos, ou mantemento de relación laboral de máis de 24 meses nun periodo de trinta, que puidese derivar nunha relación indefinida con esta Mancomunidad, suspenderase o seu chamamento pasando ao seguinte da lista. A suspensión do seu chamamento será polo tempo necesario para evitar a incursión en fraude de lei que derive nunha relación indefinida. Transcorrido o prazo necesario, restablecerase a posibilidade do seu chamamento no posto da bolsa que obtievse, segundo a súa puntuación.

A renuncia ao posto de traballo ofertado, suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo casos de parto, baixa por maternidade ou situación asimilada; enfermidade grave, acreditada debidamente; contrato de traballo para posto similar.

As comunicacións faranse vía telefónica, con ata tres chamadas ao número de contacto indicado polos aspirantes. No caso de non establecer contacto có aspirante nas tres chamadas, procederase ao chamamento do seguinte aspirante la lista.

O encargado de facer as chamadas deixará constancia no expediente do resultado das mesmas.

Se un candidato rexeita a oferta de contratación mediante a chamada telefónica, comunicaráselle o seu pase ao final da lista como consecuencia da a súa renuncia.

Os candidatos que non fosen localizados, permanecerán no posto ocupado na bolsa, a espera dun novo chamamento.

As persoas que, sen xustificación, renunciem a dous chamamentos quedarán automaticamente excluídas da bolsa





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

5. Para efectuar esta proposta, o tribunal de selección poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

OITAVA. Recursos.

Estas bases e domáis actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Presidente,

Asdo.: José Luis Suárez Martínez

Asinado dixitalmente á marxe





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

R/ _____ Nº _____

LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____

CÓDIGO POSTAL _____ TELÉFONO _____ email _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada pola Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, para a contratación dun/dunha PSICÓLOG/A.

DECLARO:

1º. Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º. Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

3º. Que autorizo a Mancomunidade para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro e na páxina Web da Mancomunidade, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Verín, ____ de _____ de 2021

Asdo. _____

AO SR. PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DE VERIN





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO II: Modelo de declaración responsable

D./Dña.....con DNI.....,e domicilio en....., declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servico de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación PSICOLOGO/A asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Verín,de.....de 2021.

(Asinado polo/a interesado/a)





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO III: Temario

1. Marco legal dos servizos sociais. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia: estrutura e obxectivos do sistema galego de servizos sociais.
2. Decreto 99/2012 de servizos sociais Comunitarios I. Principios, obxectivos, funcións e competencias. Programas básicos.
3. Decreto 99/2012 de servizos sociais Comunitarios II. Organización, equipamentos, prestacións e equipo técnico dos servizos sociais comunitarios. Convenio programa para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais nas corporacións locais. Plan concertado.
4. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: obxecto, ámbito de aplicación e principios reitores. Programa básico de educación e apoio familiar.
5. Lexislación sobre igualdade. A educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes e colaboración autonómica coas corporacións locais. Os programas de conciliación.
6. Muller: políticas sociais actuais, recursos e prestacións I. Lei 11/2007, do 27 de xullo, de normas reguladoras de prevención e o tratamento da violencia de xénero.
7. Muller: políticas sociais actuais, recursos e prestacións II. A orde de protección de vítimas de violencia doméstica. Protocolo de implantación. Teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero.
8. Muller: políticas sociais actuais, recursos e prestacións III. Lei para a promoción da conciliación da vida familiar e laboral. Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
9. Lei de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de enxuzamento civil. A problemática de menores. Normativa legal. Recursos e programas. Os malos tratos na infancia. Identificación e tratamento.
10. As persoas maiores. Aspectos sociais sobre o envellecemento. Necesidades, programas e recursos.
11. Orde do 13 de xullo de 2012 pola que se aproba a guía de actuación coordinada contra o maltrato ás persoas maiores e persoas con discapacidade.
12. Os programas de atención a persoas maiores. Formulación xeral. Trastornos da memoria. Programas de envellecemento activo. Programas e recursos para persoas maiores do Concello de Betanzos





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

13. Discapacidades: Conceptos, necesidades e recursos. Axudas e subvencións. Plan de acción para persoas con Discapacidade.

14. A Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia e o Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013 no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e axudas de inclusión social.

15. Minorías étnicas. Características. Necesidades sociais e recursos. Aspectos demográficos.

16. Problemática específica e medidas para a integración social. Inmigrantes: problemática actual, medidas de actuación e integración social.

17. Drogodependencias e adicións. Conceptos, clasificación de drogas. Prevención, tratamento, reinserción. Programas, servizos e recursos.

18. O segredo profesional.

19. O traballo social en redes. Conceptos, utilidades e intervencións.

20. O/a psicólogo/a como membro dun equipo interdisciplinar: fundamento, funcións e principios básicos.

21. O proceso da planificación. Plan, programa e proxecto. A planificación por obxectivos.

22. O informe psicolóxico. Aspectos xerais.

23. Psicopatoloxía xeral III. A dor: asesoramento psicolóxico. Tipos de perdas. Ruptura familiar: proceso e intervención psicosocial

24. A intelixencia emocional. O desenvolvemento da resiliencia.

25. Habilidades sociais. Concepto de comunicación. Estilos de comunicación. A asertividade.

26. O sistema familiar I. Estrutura e funcións. O ciclo vital familiar e crises asociadas.

27. O sistema familiar II. O papel da familia na educación. A familia e estilos educativos.

28. A familia I. separación e divorcio. O marco legal regulador do divorcio e da separación matrimonial.

29. A familia II. Equipos técnicos dos xulgados de familia: composición e funcións. Impacto emocional do divorcio sobre o desenvolvemento emocional dos nenos.

30. Os programas de prevención familiar. Escolas de nais e pais. Aspectos organizativos.





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

31. Os programas de prevención escolar I. Orientacións para a elaboración de programas de prevención.
32. Os programas de prevención escolar II. Acoso escolar. Definición. Modalidades. Secuelas psicolóxicas máis comúns.
33. Proceso de socialización. Identidade de xénero. Socialización de xénero. Roles de xénero. Educación para a igualdade. Educación non discriminatoria. Eliminación de prexuízos sexistas e racistas.
34. A violencia contra a muller. Tipos. Identificación do maltrato. Teorías explicativas. Indicadores. Acoso sexual e agresión sexual. Intervención básica. O acoso psicolóxico. Tipos e características básicas.
35. Propostas de educación afectivo-sexual e prevención para a saúde. Enfermidades transmisibles: ETS e VIH-SIDA. Vías de transmisións e prevención.
36. O maltrato infantil I. concepto, tipos e etiología.
37. O maltrato infantil II. Consecuencias dos malos tratos no desenvolvemento do menor. Avaliación
38. Apoio psicolóxico en situacións de emerxencias. Cadros psicolóxicos en situacións de desastres.
39. Os Centros de Información ás Mulleres (CIMS)
40. As Mancomunidades de municipios no réxime local. En Especial a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, organización, competencias e servizos.





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO IV: Relación de méritos alegados.

NOME: _____ DNI _____

APELIDOS: _____

REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS Ó POSTO DE PSICOLOGO/A

| ACREDITO O SEGUINTE: | SI | NON |
|---------------------------------|----|-----|
| LICENCIATURA/GRAO EN PSICOLOXÍA | | |
| COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA | | |

EXPERIENCIA LABORAL

Encha o cadro segundo a información da súa vida laboral, preferentemente organizada de máis recente a máis antiga. Lembre que debe presentar o certificado da vida laboral e contratos ou certificados de empresa onde figure a categoría profesional correspondente.

| NOME DA EMPRESA/ORGANIZACIÓN | CATEGORÍA PROFESIONAL | TOTAL MESES | TOTAL DÍAS | SINALE SE PERTENCE A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA OU PRIVADA |
|------------------------------|-----------------------|-------------|------------|--|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| | | | | |
|--|--|--|--|--|

FORMACIÓN

*Encha o cadro segundo os cursos de formación homologados que dispoña, facendo mención ó curso e o número de horas. No suposto de que non dispoña de número de horas, deixe o oco baleiro. Prégase **organizar a información de maior a menor: cursos de maior duración a menor duración**. Lembre que a formación debe estar relacionada coas funcións do posto.*

| NOME DO CURSO | ENTIDADE | Nº HORAS |
|---------------|----------|----------|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

